


NO OBRADOIRO

GLOSARIO DE ENMARCACIÓN




ANYOUS

Madeira tropical de natureza branda, tacto suave e poroso. O seu interior permite aplicar á man todo tipo de acabados. Ten unha densidade baixa que fai máis livián o peso dos cadros.

BAQUETÓN

Moldura redonda vertical, normalmente disposta en ringleira con outra.



BORDO BISELADO

Inclinación no bordo do marco e do cartón mate.

DECAPADO

Técnica artesanal que se emprega para darlle á madeira dos marcos un aspecto envellecido.

ENMARCACIÓN CONTEMPORÁNEA

Tipo de enmarcación que toma o seu nome da arte contemporánea. Caracterízase polas liñas rectas e cores neutras como a crúa, negra ou branca. A finalidade é non eclipsar a obra, senón que pase desapercibida para o ollo ou complementa a lectura total da peza.

ESPAZO LIBRE

Tamén chamado aire, espazo extra no largo e no alto do marco para asegurar que todos os elementos teñen un axuste perfecto.

FLOTADO ALTO

Técnica de enmarcación na que a obra aparece flotando 10 ou 5 mm, segundo conveña esteticamente. Permite a súa completa visualización ata os bordos, de modo que xera xogos de sombras.



FLOTADO REGULAR

Técnica de enmarcación na que a peza descansa sobre o paspartú e deixa á vista todas as marxes.

MARCO


Peza de madeira ou doutro material coa que se rodean os bordos dunha fotografía, pintura ou ilustración.

MANSONIA

Tipo de madeira escura que comparte a orixe tropical do *anyous*, así como os tamaños de perfís. De tacto coma o veludo, é moito máis compacta e pesada.

MOLDURA

Elemento ornamental saínte, continuo no marco e de perfil uniforme.



PASPARTÚ


Recadro de cartón ou tea que se pon entre o marco e o obxecto enmarcado para que este resalte ou destaque máis.

TABOÍÑA

Peza de madeira cuxa función é a de separar a peza que hai que enmarcar do vidro, co obxectivo de mellorar a súa conservación e xerar a enmarcación tipo caixa.

XANELA

Técnica de enmarcación na que a peza vai enmarcada baixo unha xanela de paspartú, especialmente recomendada para fotografías.



VIDRO MUSEO

Vidro tratado para previr os reflexos e a radiación UV. Non ten unha superficie mate gravada, o que permite unha visualización fiel das cores.

Glosarios recollidos e ilustrados por

P U R A ● *Q U I T E R I A*

Este proxecto audiovisual realizouse
ao abeiro do Fondo de proxectos
culturais Xacobeo 2021-2022 da
Xunta de Galicia

